



A Igrexa practica o que predica?

Engracia Vidal

Pois non me queda outra que responder como «galega que son»: «Si e Non».

En xeral tendemos a extremar as respostas nos dous aspectos, positivo e negativo. Estou segura que haberá persoas, e non poucas, que afirmen, porque o pensan así, que todo o que fai a *Igrexa* como tal institución, está ben feito. Que é fiel ó seu fundador. Que practica o evanxeo nas súas estruturas e nas relacións persoais. Que respecta tódolos dereitos humanos, que predica e vive a xustiza, a igualdade, a fraternidade, o amor que predicou Xesús, e que dá a vida polos demais. E quen dá a vida polos demais quere dicir que comparte o pan, o fogar, a cultura...

Aínda moitas e moitos temos na conciencia esa idea de que a Igrexa que fundou Xesús, é «unha sociedade perfecta», (así nolo ensinaba o catecismo) con tódalas connotacións que ten a palabra *perfecta*: carece de limitacións, de erros, de pecado...

Pero axiña asaltan ás dúbidas e pedímonos aclaracións. Miramos para atrás, para a Historia: E amais da «santidade» que lle atribuímos, –que corresponde integramente á perfección do seu fundador, e ó seu historial de bondades, a pureza da súa doutrina, que ten que ser a de Xesús– saltan á vista os erros: as guerras, (nunca «santas» aínda que as queiran chamar así...) as inxustizas, as envexas e falsidades... as desigualdades sociais ou eclesiais, promovidas ou permitidas, as loitas polo poder, mesmo dentro do Papado. A «lenda negra eclesial» é algo máis que «lenda», son reais os pecados e as limitacións con tódalas consecuencias, no «sumo pontífice», (poucas, pero hai biografías moi ou nada exem-

plares) nas xerarquías, nos fieis... en todos nós. Xa dixo Xesús: «O que non teña falta que tire a primeira pedra» (Xoán 8, 7), e ninguén ousou. Nin entón, nin hoxe podería haber algún ser humano que ousara. O pecado, a limitación, domina a nosa natureza lixada desde o seu nacemento. As Galerías de Arte, mesmo as relixiosas, amosan algúns exemplos de escenas bélicas, ou de prepotencia, ou desigualdade, que negan as mensaxes evanxélicas de paz e de amor.

E despois destas «verdades» que nos confortan porque parece que suavizan a nosa imperfección, toca baixar á realidade, e reflexionar sobre a pregunta que propón o título, e que Encrucillada me pide para unha achega.

Ocórreseme seleccionar catro aspectos que condensarían as frases relacionadas co contexto:

Non soamente de pan vive o home, (e a muller) senón de toda a palabra saída da boca de Deus (Mt 4, 4).

Se alguén che dá un lapote na meixela dereita, preséntalle a outra... (Mt 5, 39).

Cando deas unha esmola, que non saiba a túa man esquerda o que fai a dereita (Mt 6, 3).

Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros como eu vos ameí (Xoán 15, 12).

Unha miradiña fonda a estes textos faríanos a todos sentirnos «pecadores» ou, polo menos, non seguidores do Evanxeo de Xesús.

Xesús chama benaventurados, é dicir felices: ós pobres, ós mansos, ós que choran, ós misericordiosos, ós limpos de corazón, ós pacíficos, ós que padecen persecución pola xustiza.

Son estes os baremos que empregamos nós para definir a nosa felicidade? A que non?

Pois as conclusións témolas ben claras. Ler o evanxeo. Examinármolos e convertérmonos.

E agora volvemos ó interrogante do principio: *A Igrexa practica o que predica?* E a resposta non a podemos optimizar. Tanto a Institución coma os crentes nela, temos que entoar moitos «mea culpa».

Na Institución, nas Xerarquías, hai principios e accións que incumpren, ou non reflicten suficientemente, os mandatos e o espírito de Xesús. E non me refiro só ás limitacións e á fragilidade de todo ser humano. Senón ó que está establecido como norma a cumprir: eu sinalaría as condicións do sacramento da penitencia que a pesar da evolución que viviu a partir do Concilio, aínda ten esixencias que resultan «duras» para quen ten que confesalas con suficiente transparencia ademais de terse arrependido... Xesús parece que non esixiu máis que a contrición para perdoar engadindo «non peques máis».

Os preceptos festivos ou dominicais, ímolos afrouxando nós, pero a Igrexa aínda non dixo claramente que se podía cumprir noutro día. E non imos entrar na casuística que produce o traballo en domingo ou os fillos sen escola... Hai xente que o fai con liberdade de conciencia, pero outra non. E séntese fóra da vida da graza.

Os criterios sobre as relacións sexuais, fóra ou dentro do matrimonio, corren que voan nos costumes sociais, pero a Igrexa aínda non moveu as normas, polo menos con claridade e publicamente.

Noutros campos, como o económico-social, tamén penso que está lonxe das actualizacións que a vida moderna debería esixir. A acumulación de bens, ou de cartos, os salarios ou as propiedades... non se culpabilizan, nin nós nos culpabilizamos como deberíamos facelo... Sae nalgunhas encíclicas, pero, quen as le? Insiste a Igrexa suficientemente coa súa predicación e sobre todo co seu exemplo?

O servizo de acompañamento, necesitaría máis persoas dedicadas desde dentro da Igrexa, e non é doado. Con todo, están medrando os grupos de mulleres dentro da Igrexa que, tomando en serio a súa formación, buscan acompañar a outras persoas no seu crecemento humano e espiritual. Concretamente e desde hai máis de vinte anos, ven funcionando un Seminario de acompañamento vinculado á *Red Miriam de espiritualidad ignaciana femenina*. Por

este seminario articulado en ciclos de dous anos pasaron preto de cincocentas mulleres, buscando unha formación integral como mulleres acompañantes.

Quedan pasos a dar para aumentar o clero: Para cando o celibato deixará de ser obrigatorio? Para cando a muller poderá escollelo libremente sen que o sexo co que Deus a creou –supoño que tan válido e excelente como o masculino– sexa un obstáculo insuperable?

O tema non ten fin. E a min puxéronme tope. Pero estou segura que cada quen pode seguir pensando, e mellor, tentando nos converter vivindo do evanxeo no século XXI.

Engracia Vidal